

**MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE
POSTOS DE TRABALLO (RPT)**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

1. INTRODUCCIÓN

Código RPT:	PR-2026-002-M
Descrición:	Modificación da RPT vixente aprobada por Resolución do 8 de agosto de 2025, pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 159, do 21 de agosto), con posterior publicación de corrección de erros no DOG núm. 194, do 8 de outubro.
Obxecto da proposta:	<ul style="list-style-type: none"> • Modificación da vixente RPT para adaptala aos cambios derivados do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. • Modificación da vixente RPT para adaptala as necesidades de persoal de: <ul style="list-style-type: none"> - A Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza - A Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil - Departamentos Territoriais: Servizos de Deportes - Departamento Territorial da Coruña - Departamento Territorial de Lugo - Departamento Territorial de Ourense. Complexo Deportivo Monterrei - Departamento Territorial de Pontevedra. Centro Galego de Tecnificación Deportiva

2. MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN
2.1 CREACIÓNS
2.1.1 CENTROS DE DESTINO
Motivo do cambio: CAMBIO ORGÁNICO

Código	Denominación
PRC991000027001	Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas no Departamento Territorial de Lugo

Xustificación: De acordo co Decreto 136/2024, do 20 de maio, considérase necesario crear unha Xefatura de Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas no Departamento Territorial de Lugo co obxecto de reforzar a estrutura organizativa nesta área e garantir unha adecuada xestión das infraestruturas administrativas, deportivas e xudiciais da provincia, contribuíndo así a unha correcta planificación, coordinación e supervisión das actuacións.

2.1.2 POSTOS DE FUNCIONARIOS

2.1.2.1 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.

2.1.2.1.1 SUBDIRECCIÓN XERAL DE MEDIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Motivo do cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Cod.	Den.	Vinc. xur.	Nv.	Gr.	F.P ro	C/E	Adm	A.Fu n
S. X. DE MEDIOS DA ADMINIST. DE XUSTIZA	PRC040000215770002	ARQUITECTO/A FUNCÍONS FACULTATIVAS	Funcionario	26	A1	C	ESA	AXG	

Xustificación:

A creación deste posto ten por finalidade reforzar e dar continuidade ao apoio técnico especializado no ámbito das infraestruturas xudiciais.

A dotación existente presenta unha capacidade limitada para dar resposta ao volume e á complexidade das actuacións en curso e das previstas nos vindeiros exercicios, en particular no relativo ás necesidades de apoio técnico e aos prazos de tramitación.

Nos últimos anos produciuse un aumento significativo do número de intervencións en edificios xudiciais, derivado de:

- A posta en marcha de novas infraestruturas xudiciais e a ampliación de sedes existentes.
- A necesidade crecente de actuacións de reforma, adecuación funcional e modernización de espazos para adaptalos ás novas esixencias organizativas e tecnolóxicas da Administración de Xustiza.
- A execución de actuacións vinculadas á mellora da eficiencia enerxética, accesibilidade universal, seguridade estrutural e adecuación ás normativas técnicas vixentes.
- O incremento das obras menores de conservación, mantemento e reparación, imprescindibles para garantir o correcto funcionamento dos órganos xudiciais.

A maiores, este incremento vén reforzado polo desenvolvemento do **Plan de infraestruturas xudiciais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia**, que prevé a execución de novas actuacións construtivas, rehabilitacións e melloras nas sedes xudiciais de Galicia.

Este contexto implica unha maior carga de traballo técnico, tanto na fase de definición, análise e supervisión das actuacións como no seguimento da súa execución, ao requirir unha revisión continuada de documentación técnica, a emisión de informes especializados, a coordinación con distintos axentes intervinientes e a atención ás incidencias que poidan xurdir ao longo do proceso construtivo.

As funcións asociadas ás infraestruturas xudiciais requiren unha formación técnica especializada en arquitectura e edificación, imprescindible para:

- Analizar e supervisar documentación técnica de proxectos e actuacións en inmobles xudiciais.
- Elaborar informes técnicos, memorias valoradas e documentación especializada que sirva de base á toma de decisións.
- Prestar asesoramento técnico aos distintos órganos e unidades administrativas.
- Realizar o seguimento técnico das actuacións construtivas desde unha perspectiva cualitativa, funcional e de adecuación normativa.

A configuración actual dos recursos humanos técnicos pode incidir nalgunhas limitacións de carácter operativo, tales como:

- Maior dificultade para atender de maneira simultánea múltiples actuacións en distintas sedes xudiciais.
- Posible alongamento dos prazos na emisión de informes técnicos necesarios para a tramitación dos expedientes.
- Menor marxe para realizar un seguimento técnico continuado das obras en execución.
- Elevado grao de dependencia dun único posto para a atención destas funcións técnicas especializadas.

A adecuada planificación, execución e conservación das infraestruturas xudiciais ten unha incidencia directa na calidade do servizo público da Xustiza, ao afectar:

- Á funcionalidade dos espazos de traballo de maxistrados/as, fiscais, persoal funcionario e demais profesionais.
- Á atención á cidadanía e ás condicións de acceso ás sedes xudiciais.

A configuración actual dos medios técnicos pode ter incidencia na execución das actuacións e na prestación do servizo público nas condicións de eficacia desexables.

Á vista do exposto, considérase plenamente xustificada e necesaria a creación dun posto de arquitecto/a na Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza, co fin de:

- Reforzar a capacidade técnica da Dirección Xeral de Xustiza en materia de infraestruturas xudiciais.
- Garantir unha adecuada resposta ao incremento e complexidade das actuacións en edificios xudiciais.
- Contribuír ao reforzo da consistencia técnica, axilidade e homoxeneidade na tramitación e no seguimento das actuacións construtivas.
- Favorecer unha distribución máis equilibrada das tarefas técnicas especializadas, reforzando o apoio profesional dispoñible.

A creación deste posto enmárcase nas actuacións dirixidas a apoiar o desenvolvemento das funcións encomendadas á Dirección Xeral de Xustiza no ámbito das infraestruturas ao servizo da Administración de Xustiza.

De seguido detállanse as funcións que debe asumir este perfil técnico, poñendo de relevo o seu papel relevante no apoio á planificación, supervisión e seguimento das actuacións en materia de edificación xudicial:

- a) A xestión das autorizacións sectoriais preceptivas e das licenzas necesarias para a execución dos expedientes de obras de edificios xudiciais ante as entidades, órganos e organismos públicos correspondentes.
- b) O seguimento, dirección e control da execución material das obras dos edificios xudiciais, así como o seguimento das obras que se realicen en virtude dos convenios de colaboración que subscriba a Consellería coas corporacións locais ou con outras entidades.
- c) A elaboración de informes, a supervisión de proxectos e memorias en materia da súa competencia.
- d) A elaboración dos pregos de prescricións técnicas dos expedientes de contratación relacionados con obras da competencia da Dirección Xeral de Xustiza.

- e) A elaboración de informes, memorias, orzamentos e proxectos en materia de obras menores de construción, reforma e reparación da competencia da Dirección Xeral de Xustiza.
- f) A prestación da asistencia técnica aos órganos e ás unidades administrativas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en todos os expedientes nos que sexa solicitada.
- g) Aqueloutras funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.1.2.2 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

2.1.2.2.1 SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E PROTECCIÓN CIVIL

Motivo do cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Cod.	Den.	Vinc. xur.	Nv.	Gr.	F.P ro	C/E	Adm	A.Fu n.
S. X. DE PLANIFICAC E PROTECCIÓN CIVIL	PRC070000215770012	XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN DE RISCOS II	Funcionario	25	A1, A2	C	EME, ESE	A11	
S. X. DE PLANIFICAC E PROTECCIÓN CIVIL	PRC070000215770032	XEFATURA SECCIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL II	Funcionario	25	A1, A2, C1	C	XER AL	AXG	
S. X. DE PLANIFICAC E PROTECCIÓN CIVIL	PRC070000215770003	XEFATURA NEGOCIADO I	Funcionario	18	A2, C1, C2	C	XER AL	AXG	
S. X. DE PLANIFICAC E PROTECCIÓN CIVIL	PRC070000215770004	XEFATURA NEGOCIADO II	Funcionario	18	A2, C1, C2	C	XER AL	AXG	
S. X. DE PLANIFICAC E PROTECCIÓN CIVIL	PRC070000215770005	XEFATURA NEGOCIADO III	Funcionario	18	A2, C1, C2	C	XER AL	AXG	

Xustificación:

Proponse a creación das citadas prazas para o cumprimento das funcións da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil,

segundo o disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, contando con tres servizos especializados:

1. **Servizo de Prevención e Análise de Riscos.** Composto por unha xefatura de servizo e unha xefatura de sección. Non conta con persoal administrativo. A este servizo correspóndelle a realización das seguintes funcións:

a) A elaboración de plans de protección civil de competencia da Comunidade Autónoma e o desenvolvemento dos programas para a súa implantación e mantemento.

b) A elaboración dos informes técnicos de avaliación de plans de protección civil e de emerxencia, para a súa aprobación e homologación, cando corresponda, polo órgano competente.

c) A coordinación da preparación e a execución dos exercicios e simulacros no marco dos citados plans autonómicos, colaborando cos de carácter local.

d) A elaboración dos estudos e a análise do inventario e mapa de riscos e do catálogo de medios e recursos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa actualización.

e) A colaboración coas entidades locais na elaboración dos plans básicos e sectoriais de emerxencia municipal.

f) A xestión e o mantemento do rexistro electrónico de plans de autoprotección de Galicia.

g) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2. **Servizo de Vixilancia Radiolóxica.** É unipersoal, non hai ningún posto dependente da xefatura do servizo. A este servizo correspóndelle a realización das seguintes funcións:

a) A inspección de instalacións radioactivas, incluídas as de segunda e terceira categoría, que comprende as fases de construción, posta en marcha, funcionamento, modificación e clausura; a realización das inspeccións que sexan necesarias para o control das instalacións de raios X con fins médicos, e as que sexan necesarias por razóns especiais ou denuncia, así como aqueloutras que lle encargue expresamente a autoridade competente en materia de seguridade nuclear.

b) A inspección do transporte de combustible nuclear e doutros materiais radioactivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) A análise e a avaliación relacionadas coa protección radiolóxica nas instalacións radioactivas.

d) A presentación de actuacións correctoras e a preparación, se é o caso, de propostas de sanción, dándolle conta á autoridade competente en materia de seguridade nuclear.

e) A vixilancia radiolóxica ambiental no ámbito territorial de Galicia, de acordo cos programas que para este fin estableceu e aprobou a autoridade competente en materia de seguridade nuclear.

f) A información sobre lexislación en seguridade nuclear, regulamentos, instrucións técnicas complementarias, guías de seguridade, circulares informativas e recomendacións para a optimización dos procedementos de operación e para as actualizacións e modificacións dos regulamentos de funcionamento e dos plans de emerxencia das instalacións radioactivas.

g) A atención das situacións de emerxencia, en coordinación coa autoridade competente en materia de emerxencias de seguridade nuclear.

h) A constitución, a xestión e o mantemento do arquivo da documentación orixinal xerada, tanto pola autoridade competente en materia de seguridade nuclear como pola Xunta de Galicia, no desenvolvemento do acordo de encomenda. O rexistro telemático da documentación e a custodia do arquivo da documentación orixinal, así como a utilización de medios informáticos do Consello de Seguridade Nuclear para a transmisión telemática da documentación.

i) A xestión do réxime económico aplicable á realización das funcións encomendadas pola autoridade competente en materia de seguridade nuclear.

j) A formación e a información do persoal técnico de xestión e intervención para actuacións en presenza de riscos radiolóxicos.

k) A integración coas forzas e corpos de seguridade do Estado na implantación dos plans de protección física e das instalacións radioactivas.

l) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

3. Servizo de Protección Civil. Composto por unha xefatura de servizo e unha xefatura de sección. Non conta con persoal administrativo. A este servizo correspóndelle a realización das seguintes funcións:

a) A promoción das asociacións e agrupacións de voluntarios/as de protección civil.

b) A xestión da concesión de axudas e subvencións en materia de protección civil e emerxencias.

c) O fomento da autoprotección cidadá e corporativa, a través da programación de campañas divulgativas.

d) A elaboración e o control dos convenios realizados en materia de protección civil e emerxencias.

e) A xestión e o mantemento dos rexistros relacionados coas agrupacións, asociacións e entidades colaboradoras de protección civil regulamentariamente establecidos en colaboración dos servizos provinciais de emerxencias.

f) A elaboración de programas e propostas de formación e perfeccionamento do persoal de protección civil e emerxencias, en colaboración con outros organismos con competencias en materia de formación, con suxeición a estándares de calidade.

g) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

A subdirección ten como único persoal administrativo un posto de secretaría de subdirección e dúas xefaturas de sección.

Este persoal da soporte administrativo aos tres servizos, sobrecargados coa xestión de tres ordes de axudas (catro no ano 2026) e a preparación de expedientes de compra de material cedido a concellos.

En total, incluído o subdirector, **a subdirección está formada por sete persoas.**

Desde hai dous anos debido ao incremento de informes pola modificación da lei de avaliación de impacto ambiental que esixe que no trámite de declaración de impacto ambiental se solicite informe ao órgano autonómico competente en materia de protección civil respecto do risco de accidentes graves ou catástrofe, hai un elevado volume de informes sectoriais (mais de 280 no 2025), que requiren da dedicación completa dun técnico.

Por outra banda, estamos a comprobar que as emerxencias de protección civil son cada vez mais frecuentes e de maior intensidade, polo que a xestión da emerxencia se estende no tempo e se require persoal técnico para dar relevo nas funcións de apoio ao director do plan de protección civil activado segundo o caso, ademais de realizar funcións de técnico de garda no CIAE112.

Tamén as obrigas nas distintas áreas da protección civil (análise de riscos, anticipación ao risco a través da alerta temperá, prevención, planificación e xestión do risco) se teñen incrementado coa aprobación de novas normas a nivel estatal e autonómico.

Por conseguinte, este persoal resulta insuficiente para a carga de traballo actual e futura, pois non se trata de algo coxuntural senón estrutural como consecuencia, entre outros factores, dos seguintes:

- Incremento das ordes de axudas e a xestión administrativa ordinaria, (novas ordes de axudas como a de socorristas (194 solicitudes no ano 2025) e a orde para a elaboración de plans de protección civil no ano 2026 (mais de 170 potenciais beneficiarios), que se unen a outras dúas ordes que se continúan tramitando (funcionamento de AVPC e axudas de equipamento para concellos),
- Actualización de todos os plans de protección civil de Galicia. A aprobación dunha nova norma básica de protección civil (Real Decreto 524/2023, de 20 de xuño), na que se inclúen novos riscos obxecto de planificación, como o risco de fenómenos meteorolóxicos adversos, os maremotos e o risco de accidentes de aviación civil) e a aprobación neste ano 2026 de novas directrices básicas de planificación obriga a elaborar novos plans e a revisar todos os plans existentes nun prazo de 4 anos. Estes plans, unha vez aprobados deben ser implantados a través da formación do persoal, exercicios e simulacros e actualizados periodicamente.
- Elaboración de plans de protección civil fronte a novos riscos que segundo a Lei 17/2015 do sistema nacional de protección civil esixen de plans especiais (risco de fenómenos meteorolóxicos adversos, risco de accidentes de aviación, etc.).
- Desenvolvemento industrial que fai que haxa novas instalacións industriais con importantes riscos químicos, que en atención ao previsto no Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, esixen de plans de emerxencia exterior,
- Novas esixencias sobre o contido dos plans como a integración de protocolos para a protección de animais,
- Novos protocolos de actuación, como por exemplo para a activación do ES-ALERT, actuación como persoas de contacto (PECO) en caso de accidentes aeronáuticos exercendo as funcións recollidas na normativa específica, inscrición de módulos nacionais de emerxencias, etc.
- Incremento das actividades obrigadas a elaborar e inscribir plans de autoprotección no Rexistro Galego de Plans de Autoprotección e maior control do proceso de inscrición.
- Incremento da tramitación de convenios con entidades colaboradoras de protección civil.

- Incremento na xestión de pagamentos derivados do aumento de expedientes de gasto en materia de protección civil, seguridade e emerxencias.

2.1.2.3 DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO.

2.1.2.3.1 SERVIZO DE OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS

Motivo do cambio: CAMBIO ORGÁNICO

C.Dest.	Cod.	Den.	Vinc. xur.	Nv.	Gr.	F. Pro.	C/E	Adm	Observ.
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	PRC991000027001244	XEFATURA SERVIZO DE OBRAS E INFRAESTRUCT ADMINISTRATIVAS	Funcionario	28	A1/A2	CE	EMA/EME2/ESA/ESE3	AXG	HORARIO ESPECIAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO	PRC991000027001245	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCÍONS FACULTATIVAS	Funcionario	22	A2	C	EME2	AXG	HORARIO ESPECIAL

Xustificación:

Considérase necesario crear unha Xefatura de Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas no Departamento Territorial de Lugo co obxecto de reforzar a estrutura organizativa nesta área e garantir unha adecuada xestión das infraestruturas administrativas, deportivas e xudiciais da provincia, contribuíndo así a unha correcta planificación, coordinación e supervisión das actuacións.

O exercicio destas competencias realízanse nos distintos departamentos territoriais en coordinación cos servizos centrais. Na actualidade, no Departamento Territorial de Lugo, están sendo asumidas por unha Área de Obras e Infraestruturas Administrativas, integrada por un só funcionario cunha carga de traballo excesiva para ser asumida pola estrutura actual.

A persoa que ocupa a xefatura de área exerce as funcións descritas nos edificios e dependencias administrativas do seu ámbito territorial e a xestión de todas as sedes xudiciais da provincia de Lugo.

En aras a manter a eficiencia do servizo público e para garantir un perfecto estado de conservación e confort dos edificios xudiciais considérase tamén necesaria a creación dunha praza pertencente á Escala de Enxeñeiros Técnicos que debe depender da Xefatura de

Servizo de Obras e Infraestruturas Administrativas no Departamento Territorial.

2.2 AMORTIZACIÓNS

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación:

As amortizacións propostas responden á necesidade de financiar os novos postos creados para dar resposta ás necesidades funcionais e organizativas detectadas, co obxectivo de garantir unha xestión máis eficiente e axustada ás demandas actuais do servizo público.

a) Postos vacantes non ocupados.

CENTRO DIRECTIVO	CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO POSTO	DENOMINACION DO POSTO	NIV .	GRU PO	CORPO ESCALA
SXT	VICESECRETARÍA XERAL	PRC020000115770007	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	C2	XERAL
SXT	S.X. COORDINAC DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC020000515770052	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN I	14	C1 /C 2	XERAL
D.X. DE XUSTIZA	S. X. PERSOAL DA ADMINISTR. DE XUSTIZA	PRC040000127001200	SUBALTERNO/A	10	AP	XERAL

b) Posto vacante con ocupación (comisión de servizos)

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO POSTO	DENOMINACION DO POSTO	NIV .	GRU PO	CORPO / ESCALA
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO	PRC991000027001243	XEFATURA ÁREA DE OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMINISTRATIVAS	26	A1 /A 2	EMA/EME2/ESA/E SE3

c) Posto que quedará vacante en setembro por xubilación do titular

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO POSTO	DENOMINACION DO POSTO	NIV .	GRU PO	CORPO / ESCALA
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO	PRC991000027001220	OFICIAL 2ª MANTEMENTO	12	C2	EDT

2.3 OUTRAS MODIFICACIÓNS

2.3.1 MODIFICACIÓN DE DENOMINACIÓN

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.diretivo ou C.Dest.	Cod.	Antiga	Nova
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC02000051577005 3	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN II	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN I
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC02000051577005 4	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN III	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN II
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC02000051577005 7	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN IV	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN III
S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	PRC02000051577005 8	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN V	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN IV

Xustificación: Modificación derivada da amortización do posto denominado Xefatura de Grupo de Rexistro e Información I.

2.3.2 MODIFICACIÓN DAS ADSCRICIÓNS A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificad os
DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC99100001500129 0	A17	A12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC99100002700122 1	A17	A12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL OURENSE	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC99100003200120 4	A17	A12
DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC99100003600121 1	A17	A12

Xustificación: A presente proposta ten por obxecto a modificación do código de administración de adscrición do posto de Xefatura de Servizo de Deporte nos Departamentos Territoriais da Consellería, co fin de permitir a súa cobertura por persoal funcionario pertencente

á Xunta de Galicia, á Administración Xeral do Estado, ás comunidades autónomas e, de maneira especialmente relevante, á Administración local.

A natureza funcional destes postos responde a unha realidade claramente transversal e interadministrativa, propia do sistema público deportivo, no que concorran competencias, actuacións e responsabilidades compartidas entre os distintos niveis de goberno. Neste contexto, a xestión pública deportiva non pode ser entendida desde unha perspectiva exclusivamente autonómica, senón que require unha visión integrada, coordinada e multinivel, coherente coa propia configuración do sistema deportivo.

Debe subliñarse, con especial intensidade, o papel nuclear da Administración local no desenvolvemento das políticas deportivas, en tanto que é o nivel administrativo máis próximo á cidadanía e o que, de maneira directa e inmediata, planifica, impulsa e xestiona unha parte substancial das actividades deportivas. Son os concellos e entidades locais os que:

- Xestionan e manteñen a maior parte das infraestruturas deportivas de base.
- Promoven o deporte escolar, afeccionado e de participación cidadá.
- Coñecen de primeira man as necesidades reais da poboación en materia deportiva.
- Actúan como canle principal de relación co tecido asociativo, clubs e federacións no ámbito territorial.
- Desenvolven, na práctica, unha función esencial de vertebración social a través do deporte.

Esta proximidade ao territorio, ás persoas usuarias e á realidade material na que se desenvolven as actividades deportivas constitúe un valor engadido de extraordinaria relevancia para o desempeño das funcións propias das Xefaturas de Servizo de Deporte. O coñecemento directo do terreo, das dinámicas locais, das instalacións e dos axentes deportivos permite unha mellor planificación, unha execución máis eficaz das políticas públicas e unha resposta máis axustada ás necesidades reais.

En consecuencia, a apertura destes postos á Administración local non só resulta xustificada, senón claramente necesaria, na medida en que permite incorporar perfís profesionais cunha experiencia práctica especialmente valiosa, complementaria á adquirida nos ámbitos autonómico e estatal, reforzando así a calidade técnica e a capacidade operativa dos servizos territoriais.

Do mesmo xeito, a experiencia profesional adquirida no ámbito da Administración Xeral do Estado e doutras comunidades autónomas resulta igualmente transferible, ao compartiren marcos normativos básicos, procedementos administrativos comúns e instrumentos de planificación e xestión propios do sector público deportivo. Todo

isto configura un espazo funcional común no que a especialización e o coñecemento son plenamente aproveitables con independencia da administración de procedencia.

Non se identifican, por tanto, elementos funcionais, competenciais nin organizativos que xustifiquen a limitación do ámbito de provisión exclusivamente ao persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Pola contra, a realidade actual das políticas deportivas, caracterizadas pola súa interdependencia e pola necesidade de coordinación permanente, aconsella adaptar o réxime de adscrición dos postos a esta dimensión interadministrativa.

A modificación proposta permitirá:

- Incrementar de maneira significativa o número de persoas candidatas con experiencia acreditada na xestión pública deportiva.
- Facilitar a cobertura efectiva dos postos, evitando disfuncións organizativas derivadas de vacantes prolongadas.
- Reducir a dependencia de mecanismos provisionais de cobertura.
- Incorporar perfís profesionais con coñecementos complementarios e experiencias diversas.
- Mellorar a capacidade de interlocución cos distintos niveis administrativos, especialmente co ámbito local.

Adicionalmente, esta medida contribúe a reforzar a coordinación territorial e a coherencia das políticas públicas deportivas, favorecendo:

- A transferencia de coñecemento e boas prácticas entre administracións.
- A homoxeneización de criterios de xestión.
- Un enfoque máis integrador e realista das necesidades do sistema deportivo.
- O fortalecemento da cooperación institucional e da lealdade interadministrativa.

A apertura a A12 non supón restrición ningunha para o persoal propio da Xunta de Galicia, senón unha ampliación do espazo concorrencial en condicións de igualdade, conforme aos principios de mérito e capacidade, reforzando ao mesmo tempo a transparencia e a competencia na provisión dos postos.

Desde a perspectiva dos principios reitores do emprego público, a modificación resulta plenamente conforme con:

- O principio de igualdade, mérito e capacidade.
- A eficiencia na utilización dos recursos humanos públicos.
- A mobilidade interadministrativa como instrumento de modernización.
- A adecuada correspondencia entre as funcións dos postos e os perfís profesionais requiridos.

En definitiva, trátase dunha medida proporcionada, necesaria e axeitada á realidade do sistema deportivo, que non altera a estrutura organizativa nin implica incremento de gasto público, pero que introduce unha mellora cualitativa relevante na capacidade de xestión, coordinación e prestación do servizo público deportivo, especialmente no ámbito territorial, onde a conexión coa realidade local resulta determinante para o éxito das políticas públicas.

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificad os
DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA	XEFATURA SERVIZO OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADM TVAS	PRC991000015001250	AXG	A11

Xustificación: A proposta responde á necesidade de adecuar o ámbito de provisión do posto á natureza técnica e ás funcións efectivamente desenvolvidas, propias dun posto de dirección e coordinación técnica no ámbito das infraestruturas e da xestión administrativa de obras públicas, competencias que presentan unha clara equivalencia funcional entre as Administracións autonómicas e a Administración Xeral do Estado.

As tarefas asociadas ao posto comprenden a supervisión técnica e coordinación de actuacións vinculadas á construción, mantemento e adecuación de edificios administrativos e instalacións públicas, así como o seguimento integral de proxectos e o control da execución contractual das actuacións promovidas pola Administración. O desempeño destas funcións require coñecementos técnicos especializados en materia de edificación administrativa, mantemento integral de inmobles públicos, xestión enerxética de edificios e dos sistemas técnicos necesarios para garantir a operatividade, seguridade e eficiencia das infraestruturas administrativas.

Estas materias encádranse nun marco normativo e técnico común no conxunto das administracións públicas, derivado fundamentalmente da lexislación básica estatal en materia de contratación pública, patrimonio das administracións públicas, eficiencia enerxética, seguridade das instalacións e normativa técnica da edificación, o que permite a plena transferibilidade da experiencia profesional adquirida por persoal funcionario procedente da Administración Xeral do Estado.

A ampliación ao código A11 constitúe, deste xeito, unha medida organizativa proporcionada e adecuada que favorece unha maior concorrencia profesional cualificada, facilita a cobertura efectiva

do posto e contribúe á mellora da eficiencia na xestión dos recursos públicos, permitindo incorporar perfís profesionais con experiencia técnica especializada plenamente acorde coas funcións asignadas.

Así mesmo, a modificación non implica cambio orgánico nin funcional, manténdose invariables o nivel do posto, os subgrupos de clasificación, o sistema de provisión, as condicións retributivas e os requisitos establecidos, polo que non supón impacto orzamentario nin modificación estrutural da organización administrativa.

2.3.3 MODIFICACIÓNS DE CORPOS/ESCALAS

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificados
DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC991000015001290	XERAL/DOCENTE	XERAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC991000027001221	XERAL/DOCENTE	XERAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL OURENSE	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC991000032001204	XERAL/DOCENTE	XERAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	PRC991000036001211	XERAL/DOCENTE	XERAL

Xustificación: Modificación derivada do cambio de código de administración de adscrición.

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificados
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PRECEPTOR/A	PRC994050136001110	XERAL	EMS7
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PRECEPTOR/A	PRC994050136001111	XERAL	EMS7
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PRECEPTOR/A	PRC994050136001112	XERAL	EMS7

Xustificación: A proposta débese á dificultade de cobertura dos postos de Preceptores/as por persoal do corpo de xestión da Administración Xeral e á necesidade de adecuar a cualificación e formación do persoal do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, modificando o corpo e escala para permitir a súa cobertura polo corpo facultativo de grao medio, escala técnica de facultativos, especialidade de educadores/as sociais.

2.3.4 MODIFICACIÓN DE OUTRA INFORMACIÓN DE POSTO

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificad os
COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI	SUBALTERNO/A	PRC994050132570101	OCUPADO POR TRABALLADOR/A: GRUPO IV, CATEGORÍA 6, EN VIRTUDE DE SENTENZA XUDICIAL.	HORARIO ESPECIAL

Xustificación: Na Resolución do 6 de setembro de 2013 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de setembro de 2013 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, figuraba o posto PX.499.40.501.32570.101 coa observación "B14.Ocupado por traballador/a: Grupo IV. Categoría VI. En virtude sentenza xudicial". O concepto B14 refírese ao Complemento salarial de singularidade de especial dedicación.

Na Resolución do 8 de agosto de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024 polo que se aproba a modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificada dentro do contexto da funcionarización de postos de traballo de categorías profesionais de persoal laboral en postos de persoal funcionario do corpo, escala e especialidade, modifícase o posto PX.499.40.501.32570.101 e a denominación pasa de ser "Porteiro/a" a "Subalterno/a". A observación do posto queda como "Ocupado por traballador/a: Grupo IV. Categoría VI. En virtude sentenza xudicial", desaparecendo a anotación B14 (complemento salarial de singularidade de especial dedicación, que pertence ao persoal laboral).

Na RPT vixente aprobada por Resolución do 8 de agosto de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2025, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. (DOG 21 de agosto de 2025) o posto cambia de código pasando a ser PR.C99.40.501.32570.101.

O Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei abre todos os días do ano a excepción do 24, 25 e 31 de decembro e os días 1 e 6 de xaneiro, con dous horarios distintos ao longo do ano que se adaptan ao cambio de hora oficial, dende o mesmo día en que este se produce. O horario de inverno é de 09:00h a 21:00h e o de verán de 09:00h a 22:00h.

O persoal do complexo, agás o/a encargado/a do establecemento, independentemente da categoría que ocupen, encárganse de cubrir tamén as quendas de fin de semana e os festivos. Os fins de semana cóbrense con unha persoa e as tardes de luns a venres con dúas, polo que este posto debe incluír o correspondente HORARIO ESPECIAL, que si teñen as outras prazas de subalterno/a do mesmo complexo.

Ademais, a persoa que ocupaba o posto xubilouse en outubro, polo que cómpre eliminar a observación "OCUPADO POR TRABALLADOR/A: GRUPO IV, CATEGORÍA 6, EN VIRTUDE DE SENTENZA XUDICIAL."

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

C.Dest.	Posto	Cod.	Orixinais	Modificad os
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	MÉDICO/A	PRC994050136001101	XORNADA PARTIDA	
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	ENFERMEIRO/A	PRC994050136001104	CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA PARTIDA"	

Xustificación:

Na Resolución do 8 de agosto de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de agosto de 2025, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, publicada no DOG. 159, do 21/08/2025, figura nas observacións do posto de Médico/a do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, que ten xornada partida, e no posto de Enfermeiro/a, que hai que modificar o horario a xornada partida en canto sexa vacante.

Propónse eliminar ditas observacións en ambos postos.

EQUIVALENCIAS

16/04/2026

CONSELLERÍA: PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Personal funcionario

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área	Titulación académica	Formación específica	Observacións
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA										
CENTRO DE DESTINO: S. X. DE COORDINACIÓN DO REXISTRO E ATENCIÓN Á CIDADANÍA										
PR.C02.00.005.15770.053	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN I	14	8.678,18	C	C1-C2	XERAL	AXG			HORARIO ESPECIAL
	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN II									
PR.C02.00.005.15770.054	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN II	14	8.678,18	C	C1-C2	XERAL	AXG			HORARIO ESPECIAL
	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN III									
PR.C02.00.005.15770.057	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN III	14	8.678,18	C	C1-C2	XERAL	AXG			HORARIO ESPECIAL
	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN IV									
PR.C02.00.005.15770.058	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN IV	14	8.678,18	C	C1-C2	XERAL	AXG			HORARIO ESPECIAL
	XEFATURA DE GRUPO DE REXISTRO E INFORMACIÓN V									

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

CENTRO DE DESTINO: S. X. DE MEDIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

PR.C04.00.002.15770.002	ARQUITECTO/A FUNCIONS FACULTATIVAS	26	16.482,62	C	A1	ESA	A11		640	
-------------------------	------------------------------------	----	-----------	---	----	-----	-----	--	-----	--

Posto novo

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

CENTRO DE DESTINO: S. X. DE PLANIFICACIÓN E PROTECCIÓN CIVIL

PR.C07.00.002.15770.003	XEFATURA NEGOCIADO I	18	8.064,84	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
-------------------------	----------------------	----	----------	---	----------	-------	-----	--	--	--

Posto novo

PR.C07.00.002.15770.004	XEFATURA NEGOCIADO II	18	8.064,84	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
-------------------------	-----------------------	----	----------	---	----------	-------	-----	--	--	--

Posto novo

PR.C07.00.002.15770.005	XEFATURA NEGOCIADO III	18	8.064,84	C	A2-C1-C2	XERAL	AXG			
-------------------------	------------------------	----	----------	---	----------	-------	-----	--	--	--

Posto novo

PR.C07.00.002.15770.012	XEFATURA SECCIÓN AVALIACIÓN DE RISCOS II	25	14.729,40	C	A1-A2	EME/ESE	A11		640	
-------------------------	--	----	-----------	---	-------	---------	-----	--	-----	--

Posto novo

CONSELLERÍA: PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
PR.C07.00.002.15770.032	XEFATURA SECCIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL II	25	14.729,40 C	A1-A2-C1	XERAL	AXG			
Posto novo									

SERVIZOS PERIFÉRICOS**CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL A CORUÑA**

PR.C99.10.000.15001.250	XEFATURA SERVIZO OBRAS E INFRAESTRUTURAS ADMTVAS.	28	18.267,48 CE	A1-A2	EMA/EME2/ESA/ESE3	A11 AXG			HORARIO ESPECIAL
PR.C99.10.000.15001.290	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	28	18.267,48 CE	A1-A2	XERAL XERAL/DOCENTE	A12 A17		640	

CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL LUGO

PR.C99.10.000.27001.221	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	28	18.267,48 CE	A1-A2	XERAL XERAL/DOCENTE	A12 A17		640	
PR.C99.10.000.27001.244	SERVIZO DE OBRAS E INFRAESTRUCT. ADMINISTRATIVAS	28	18.267,48 CE	A1-A2	EMA/EME2/ESA/ESE3	AXG			HORARIO ESPECIAL
Posto novo									
PR.C99.10.000.27001.245	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	22	10.870,44 C	A2	EME2	AXG			HORARIO ESPECIAL
Posto novo									

CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL OURENSE

PR.C99.10.000.32001.204	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	28	18.267,48 CE	A1-A2	XERAL XERAL/DOCENTE	A12 A17		640	
-------------------------	-----------------------------	----	--------------	-------	------------------------	------------	--	-----	--

CENTRO DE DESTINO: COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI

PR.C99.40.501.32570.101	SUBALTERNO/A	10	6.984,18 C	AP	XERAL	AXG		648	HORARIO ESPECIAL OCUPADO POR TRABALLADOR/A: GRUPO IV, CATEGORÍA 6, EN VIRTUDE DE SENTENZA XUDICIAL.
-------------------------	--------------	----	------------	----	-------	-----	--	-----	--

CENTRO DE DESTINO: DEPARTAMENTO TERRITORIAL PONTEVEDRA

PR.C99.10.000.36001.211	XEFATURA SERVIZO DE DEPORTE	28	18.267,48 CE	A1-A2	XERAL XERAL/DOCENTE	A12 A17		640	
-------------------------	-----------------------------	----	--------------	-------	------------------------	------------	--	-----	--

CONSELLERIA: PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Área Adm. P. func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
CENTRO DE DESTINO: CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA									
PR.C99.40.501.36001.101	MÉDICO/A	21	9.874,06 C	A1	ESS1	AXG		278-399-648	XORNADA PARTIDA
PR.C99.40.501.36001.104	ENFERMEIRO/A	18	8.064,84 C	A2	EMS1	AXG		648	CANDO SEXA VACANTE PASAR A "XORNADA PARTIDA".
PR.C99.40.501.36001.110	PRECEPTOR/A	18	8.064,84 C	A2	EMS7 XERAL	AXG		648	HORARIO ESPECIAL
PR.C99.40.501.36001.111	PRECEPTOR/A	18	8.064,84 C	A2	EMS7 XERAL	AXG		648	HORARIO ESPECIAL
PR.C99.40.501.36001.112	PRECEPTOR/A	18	9.874,06 C	A2	EMS7 XERAL	AXG		648	HORARIO NOCTURNO.

Persoal laboral

Código do posto	Denominación	Forma prov.	Grupo	Categoría	Titulación académica	Formación específica	Complemento singularidade	Observacións
------------------------	---------------------	------------------------	--------------	------------------	---------------------------------	---------------------------------	--------------------------------------	---------------------

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS

- 278 COÑECEMENTOS E/OU EXPERIENCIA EN MATERIA DE MEDICINA DEPORTIVA, NUTRICIÓN OU CARDIOLOXÍA (MÉRITO).
- 399 ESPECIALIDADE EN MEDICINA DEPORTIVA / MÁSTER EN MATERIA DE MEDICINA DEPORTIVA (MÉRITO).
- 640 PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO (R.I.).
- 648 CERTIFICACIÓN NEGATIVA DO ARTIGO 57 DA LEI ORGÁNICA 8/2021, DO 4 DE XUÑO (R·I·)

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS CORPOS/ESCALAS

- A1 XERAL
- A6 XERAL/DOCENTE
- EMA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS TÉCNICOS)
- EME ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS)
- EME2 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS TÉCNICOS - ESP. ENX. TÉCNICA INDUSTRIAL)
- EMS1 ESPECIAL (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. ENFERMARÍA)
- EMS7 ESPECIAL (ESC. TÉCNICOS FACULTATIVOS - ESP. EDUCADOR SOCIAL)
- ESA ESPECIAL (ESC. ARQUITECTOS)
- ESE ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS)
- ESE3 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. INDUSTRIAL)
- ESS1 ESPECIAL (ESC. FACULTATIVOS - ESP. MEDICINA)

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

- A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA.
- A12 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E ADMINISTRACIÓN LOCAL.
- A17 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. E PERSOAL DOCENTE CON DESTINO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
- AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN

- C CONCURSO
- CE CONCURSO ESPECÍFICO